



GALEGO SEN FRONTEIRAS
XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas
3-24 de xullo de 2025

Cursos de verán de lingua e cultura galegas destinados a persoas de fóra de Galicia

NOME DA MATERIA (Nivel superior) **Historia da Literatura Galega**

Nome da profesor/a (filiación): **María López-Sáñez**

OBXECTIVOS

Este curso ofrece unha introdución completa á historia da literatura galega, pensada para estudantes de diferentes procedencias culturais que desexen afondar no coñecemento da lingua galega a través da súa tradición literaria. A literatura galega, ao longo da súa historia, constitúe un reflexo fundamental das transformacións sociais, culturais e lingüísticas de Galicia. Neste sentido, o curso propón unha aproximación tanto panorámica como analítica aos principais períodos, autores e obras, salientando sempre a relación entre a creación literaria e o contexto social e histórico de cada época.

CONTIDOS

1. Introducción:

A literatura galega como expresión dunha identidade cultural e lingüística. Historia social da lingua e alternancia de etapas de esplendor e esmorecemento.

2. A literatura medieval

2.1. A lírica medieval: as cantigas de amigo, de amor e de escarnio e maldicer. A poesía trobadoresca como un dos primeiros sistemas literarios europeos en lingua galega-portuguesa.

2.2. A prosa medieval: crónicas, traducións, textos didácticos e haxiográficos.

3. O Rexurdimento (século XIX)



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2025

- 3.1. Os Séculos Escuros e o proceso de recuperación cultural.
- 3.2. Os precursores e a figura simbólica de *Ignotus*.
- 3.3. Rosalía de Castro: fundación da literatura galega moderna; *Cantares gallegos* como obra fundacional; impacto social e simbolismo na emigración; vixencia actual.
- 3.4. Eduardo Pondal: *Queixumes dos pinos* e a configuración do himno galego.
- 3.5. Manuel Curros Enríquez: o poeta social e a denuncia das inxustizas.

4. O século XX e a literatura contemporánea

- 4.1. Ramón Cabanillas e o ciclo artúrico: tradicións universais adaptadas á realidade galega.
- 4.2. A Xeración Nós: Ramón Otero Pedrayo, Castelao e a construción dun proxecto cultural galeguista.
- 4.3. O franquismo: represión, exilio e estratexias de resistencia cultural.
- 4.4. A transición democrática: *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín e a apertura de novos camiños literarios.
- 4.5. A literatura galega actual: diversidade de voces, renovación estética e internacionalización.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Obras de referencia:

- Alonso Montero, Xesús (coord.). *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1992.
- Tarrío Varela, Anxo (dir.). *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 2013.
- Carballo Calero, Ricardo. *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia, 1975.

Textos literarios representativos:

- Rosalía de Castro. *Cantares gallegos*.



GALEGO SEN FRONTEIRAS
XXXV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas
3-24 de xullo de 2025

- Eduardo Pondal. *Queixumes dos pinos*.
- Manuel Curros Enríquez. *Aires da miña terra*.
- Ramón Cabanillas. *Na noite estrelecida*.
- Castelao. *Sempre en Galiza*.
- Xosé Luís Méndez Ferrín. *Con pólvora e magnolias*.

Recursos complementarios:

- Vilavedra, Dolores (dir.). *Dicionario de literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1995-2002.
- Portal da Real Academia Galega: <https://academia.gal/>

Durante o desenvolvemento do curso facilitaranse materiais de lectura e fragmentos de textos.

AVALIACIÓN

- A avaliación realizarase a través dunha tarefa na que o alumnado amose os coñecementos adquiridos